

Víctor Freixanes: «Este é un país demograficamente pequeno que fai milagres»

[Tamara Montero](#) Santiago / La Voz Cultura

16 de xaneiro de 2017

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/cultura/2017/01/16/victor-freixanes-e-pais-demograficamente-pequeno-fai-milagres/0003_201701G16P25991.htm

Non ía moito á catequese de cativo, así que sempre quedaba dos últimos no reparto de agasallos dos Reis Magos. Cando chegaban o seu irmán e mais el, só quedaban libros. E menos mal. Porque falar de **Víctor Freixanes** (Pontevedra, 1951) é falar de libros. Leunos. Tamén os escribiu. E editounos, abofé que o fixo. Agora quere comprar tempo. Tempo para ganduxar os proxectos que lle bulen na cabeza.

-¿Como se ve Galaxia fóra de Galaxia?

-Realmente non me sinto fóra de Galaxia porque sigo sendo conselleiro, presidente da [Fundación Otero Pedrayo](#), codirector de *Grial* e, ademais, participo moito neste proceso de transición que capitanea Francisco Castro. Síntome moi satisfeito de como unha empresa produce os seus propios mecanismos de renovación, que é do que se trata.

-¿Non lle quedou nada por facer?

-Recollendo e ordenando os papeis con Francisco [Castro] atopamos a memoria que eu escribín cando cheguei no ano 2002. Do que era debuxar aquela realidade a hoxe cambiaron moitas cousas. Con todo, as grandes preocupacións e as liñas estratéxicas da editora que hoxe seguen vixentes estaban xa escritas nese momento. O cambio das tecnoloxías, os novos hábitos de consumo da sociedade lectora, as novas demandas das novas xeracións... Iso obriga a que a empresa editorial estea continuamente lendo a sociedade e transformándose.

-¿Que retos lle agardan a Francisco Castro?

-Para min os novos desafíos que ten Galaxia son o cambio xeracional de hábitos de consumo da cultura, onde o libro está vivindo un momento de transformación, non me atrevo a dicir crise, porque non é certo, nunca se leu tanto como agora, nunca se produciu tanto libro como agora. Hai que traballar o mundo da lingua e da lectura. A lingua galega ten problemas que non temos solucionado. Despois están as novas tecnoloxías, o mundo xa non é Vigo, A Coruña, Lugo e

Ourense, o mundo é o mundo mundial. Con iso ti tes que competir dende a propia identidade dun país.

-¿Estamos obrigados a escoller entre o papel e a pantalla?

-Non é incompatible. Un compra unha *tablet* para ver vídeos, para falar cos amigos, para Internet... Pero para ler a Otero Pedrayo, a Manolo Rivas ou a Paco Castro non compras unha *tablet*. Compras un libro. ¿Que o mundo vai nunha dirección? Iso non o discuto. Pero non á velocidade que os gurús da tecnoloxía dixital din. Esta banalización do todo gratis da cultura, da información e da comunicación ao final ímola pagar.

-¿Sen novos lectores?

-A memoria dos vellos, que pode ser a [xeración Nós](#), o Rexurdimento e ata a lírica medieval, hai que conectala con novas formas de expresión e de creación dos novos tempos. O problema é que temos unha [demografía](#) tocada. Non é que haxa poucos lectores, é que hai poucos nenos e nenas.

-¿E os novos grandes referentes literarios?

-A iso hai que darlle tempo. Cando empezabamos a escribir había unha frase que era que Galicia non tiña un Shakespeare. É que Galicia non é [Inglaterra](#), para empezar. Comparativamente, este é un país demograficamente pequeno que fai milagres: temos cine exportable; temos literatura con autores traducidos a moitas linguas; temos unha xeración de escultores e pintores de primeirísimo nivel, temos o mundo da empresa, que tampouco é unha parvada. ¿Que nos falta? Unha estratexia política definida que aglutine todo iso e o proxecte no mundo.

-Cada vez hai menos galegofalantes.

-Cuantitativamente é certo que a lingua perdeu falantes. Tamén perdeu habitantes. Pero cualitativamente o número de falantes conscientes, formados, que usan o galego e se moven en galego e tamén poden moverse noutros idiomas, aumentou espectacularmente. Estamos nesa encrucillada. ¿Queremos ser unha lingua que sexa simplemente un adorno para sacar en procesión o día do Corpus ou queremos unha lingua capaz de marcar unha identidade dun país e conectarnos co mundo? Iso esixe vontade política sen complexos. En política a clave está na capacidade de conciliar, de consensuar e de sumar xentes diversas.

-O preito entre Xunta e Academia non é moi conciliador.

-A Academia intentou polo menos acollerse ao dereito a dicir así non. Dinamitaron o Plan de [Normalización Lingüística](#) aprobado por unanimidade e convertérono noutra cousa. Ao final o que fixeron foi enfrontar a sectores do país. Ningún galego, por moi radical que sexa, está contra o castelán. O castelán é unha riqueza, igual que o portugués. E o inglés.

-¿Prantéxase ser presidente?

-Temos un presidente que é magnífico, que fixo un traballo que creo que nunca lle agradeceremos suficiente. Mentres [Xesús Alonso Montero](#) estea aí...

-Hai eleccións en abril

-Calquera dos membros da Academia sería un gran presidente.

-A outra gran institución é o [Consello da Cultura Galega](#).

-[Ramón] Villares fortaleceu o entender que a cultura non é a lingua nin a filoloxía, é moito máis plural e diversificado: está a ciencia, está a tecnoloxía, está a ordenación do territorio, a arquitectura... Pero creo que o consello podía dar de si moito máis, e volvemos á vontade política. O consello ten unha posibilidade de proxección exterior da cultura galega que non está desenvolvida.

-Hai un gran músculo pouco aproveitado?

-Galicia ten Academia, Consello, Instituto Ramón Piñeiro, ILG e as universidades. Ás veces están facendo o mesmo e iso hai que organizalo. Está desaproveitado e está perdido na guerrilla individualista onde cada un ten a súa pequena parroquia e outras veces unha falta de recursos, que tamén é certo que estamos atravesando momentos delicados, como houbo momentos de despilfarro. Diñeiro hai, a pregunta é en que se inviste.